"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0537 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA APROBACIÓN FACTURAS CORRESPONDENTES Á EXECUCIÓN DO PROGRAMA CULTURA NO CAMIÑO]";"25/08/23 14:33";"Aprobación facturas programa Cultura no Camiño 2023 --";"286/2023";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0535 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DA APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO PROGRAMA CULTURA NO CAMIÑO]";"25/08/23 14:33";"Aprobación da conta xustificativa da programación do programa Cultura no Camiño 2023 --";"286/2023";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0536 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes A.M.F]";"25/08/23 14:33";"SIA 1497631 --- Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento --";"725/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0534 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes M.I.P]";"24/08/23 15:08";"SIA 1497631 -- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"527/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0533 [Resolución Alta no Padron Municipal de Habitantes P.C.I.]";"24/08/23 15:08";"SIA 1497631 -- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"527/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0532 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes A.T.D]";"24/08/23 15:08";"SIA 1497631 --Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"464/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0529 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes F.V.F]";"24/08/23 15:08";"SIA 1497631 -- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"701/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0531 [Resolución cambio de domicilio dentro do municipio A.P.D. e S.S.P]";"24/08/23 15:08";"SIA 2939319 - -- Cambio de domicilio dentro do municipio --";"632/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0530 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes R.M.M]";"24/08/23 15:08";"SIA 1497631 -- Expediente 670/2023 -- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"670/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0528 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes S.A]";"24/08/23 15:08";"SIA 1497631 -- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"695/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0525 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes J.L]";"24/08/23 15:08";"SIA 1497631 --Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"715/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0526 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes M.G.T]";"24/08/23 15:08";"SIA 1497631 - Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"715/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0527 [Resolución cambio de domicilio dentro do municipio A.B]";"24/08/23 15:08";"SIA 2939319 --- Cambio de domicilio dentro do municipio --";"714/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0524 [Resolución alta no Padrón Municipal de Habitantes K.M.L]";"24/08/23 15:08";"SIA 1497631 -- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"716/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0522 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento A.N.C]";"24/08/23 15:08";"SIA 1497631 --Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento --";"698/2023";"Padrón





Concello de Meaño

Municipal de Habitantes";";";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0523 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes CL.M.F.G]";"24/08/23 15:08";"SIA 1497631 -- Expediente 711/2023 -- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"711/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";";";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0521 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes M.M.E]";"24/08/23 15:08";"SIA 1497631 -- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"694/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";";";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0520 [23011 RESOLUCION AUTORIZACION TIRADA FOGOS - 15, 20 E 21 DE AGOSTO EN SIMES (FESTAS PATRONALES) - PIROTECNIA LOPEZ]";"11/08/23 10:46";"SIA 1490821 -- 270 Permisos Medio Ambiente -- Expediente 692/2023 -- B15368715 PIROTECNIA LOPEZ SL -- TIRADA DE FOGOS 15,20 E 21 DE AGOSTO - SIMES --";"692/2023";"Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades";";";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0519 [RESOLUCION DA ALCALDIA LICENZA URBANISTICA EXP. 868/21 VILQUIN Nº 18-DENA]";"11/08/23 10:46";"SIA 1497441 -- 400 Urbanismo y Medio Ambiente -- Expediente 868/2021 -- Licenza urbanística reforma e ampliación de vivenda unifamiliar en Viliquín nº 18 - Dena .";"868/2021";"Licenzas Urbanísticas";";";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0518 [RESOLUCION DE APROBACION DE EXPEDIENTE DE CONTRATACION DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA MELLORA EFICIENCIA ENERXETICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLON DE MEAÑO]";"11/08/23 9:38";"EXPEDIENBTE DE CONTRATO MENOR DO CONTROL DE CALIDADE DA OBRA MELLORA EFICIENCIA ENERXETICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DEPORTIVO DE MEAÑO --";"690/2023";"Contratacións.";";";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0517 [RESOLUCION LICENCIA 594/23 MURO CONTENCIÓN]";"10/08/23 14:59";"SIA 1497441 -- 250 Administración General -- Expediente 594/2023 -- Licenza urbanística construción de muro de contención en Nantes de Reis nº 4A - Nantes";"594/2023";"Licenzas Urbanísticas";";";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0516 [RESOLUCION DA ALCALDIA APROBACION DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO ASOCIACIÓN UNION MUSICAL DE MEAÑO CONCELLO DE MEAÑO PARA A REALIZACION DA CONVIVENICA MUSICAL CARBALLIÑO 2023]";"10/08/23 11:31";"APROBACION CONTA XUSTIFICATIVA ASOCIACION UNION MUSICAL DE MEAÑO -- SUBVENCIÓN DIRECTA ASOCIACION UNION MUISCAL DE MEAÑO PARA A REALIZACIÓN DA CONVIVENCIA MUSICAL CARBALLIÑO 2023. CONVENIO --";"581/2023";"Concesión de Subvencións";";";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0515 [RESOLUCION DE APROBACIÓN FACTURA 0047 LUDOCONCILIA XULLO]";"9/08/23 13:39";"Aprobación da factura 0047 correspondente á prestación do servizo Ludoconcilia Meaño no Verán 2023, mes de xullo, emitida por FIESTRIA S.C."; "420/2023";"Contratacións";";";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0513 [RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DO CONCERTO DE XOSE LOIS ROMERO & ALIBORIA]";"9/08/23 13:39";"Contratación da produción técnica, son, iluminación, escenario etc. do Concerto ""Xosé Luis Romero e Aliboria"" --";"674/2023";"Contratacións.";";";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0514 [RESOLUCION DA ALCALDIA APROBACION DE FACTURA CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE INFORMACION TURÍSTICA NO MES DE XULLO]";"9/08/23 13:39";"APROBACION DA FACTURA OT 2301 CORRESPONDENTE A PRESTACIÓN DO SERVIZO DA OFICINA DE TURISMO MES DE XULLO."; "423/2023";"Contratacións";";";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0512 [Decreto da convocatoria]";"8/08/23 14:38";"Convocatoria Xunta de Goberno Local";"JGL/2023/15";"Convocatoria de A Xunta de Goberno Local";";";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0511 [RESOLUCIÓN DE APROBACION DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA PUMP TRACK EN FAXIN, PARROQUIA DE DENA]";"7/08/23 10:56";"APROBACIÓN PROXECTO TÉCNICO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO DA OBRA PUMP TRACK EN FAXÍN";"187/2022";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";";";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0510 [Decreto da convocatoria]";"3/08/23 13:01";"Convocatoria Comisión Especial de Contas";"CEC/2023/5";"Convocatoria de A Comisión Especial de Contas";";";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0509 [RESOLUCION DE ALCALDIA DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DO CONCERTO DE XOSE LOIS ROMERO E ALIBORIA]";"3/08/23 12:34";"Aprobación do expediente para a contratación da produción técnica, son, iluminación, escenario etc. do Concerto ""Xosé Luis Romero e Aliboria"" --";"674/2023";"Contratacións.";";";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0508 [RESOLUCIÓN DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA





Concello de Meaño

OBRA AMPLIACIÓN REDE SANEAMENTO POLÍGONO A PEDREIRA]";"3/08/23 11:17";"INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA AMPLIACION SANEAMENTO POLIGONO A PEDREIRA --";"114/2023";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0507 [Resolucion pagos mes de agosto]";"2/08/23 12:27";"Pagos mes de agosto."; "38/2023";"Pagos";"";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0506 [RESOLUCION COMUNICACIONES PREVIAS E LICENZAS MES DE AGOSTO DE 2023]";"2/08/23 10:26";"SIA 1497441 -- 400 Urbanismo y Medio Ambiente -- Expediente 628/2023 -- COMUNICACIONES PREVIA/LICENZAS AGOSTO 2023 --";"628/2023";"Licenzas Urbanísticas";"";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0504 [RESOLUCIÓN PAGO NÓMINAS XULLO 2023]";"1/08/23 10:29";"RESOLUCIÓN PAGO NÓMINAS XULLO 2023";"16/2023";"Nóminas";"";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0505 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA ASIGNACIÓN DE PRODUCTIVIDADE]";"1/08/23 10:29";"RESOLUCIÓN ALCALDÍA ASIGNACIÓN PRODUTIVIDADE NÓMINAS XULLO 2023";"16/2023";"Nóminas";"";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0503 [ORDEN DOMICILIACIÓN BANCARIA NÓMINAS XULLO 2023]";"1/08/23 10:29";"Resoluciones de pago ORDEN DOMICILIACIÓN BANCARIA NÓMINAS XULLO 2023";"16/2023";"Nóminas";"";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0502 [Relacion aprobacion facturas xullo]";"31/07/23 20:33";"Relacion Aprobacion facturas mes de xullo."; "38/2023";"Pagos";"";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0501 [Relacion orden transferencia pagos xullo]";"31/07/23 20:33";"Relacion Orden e transferencia de pagos mes de xullo."; "38/2023";"Pagos";"";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0500 [Resolucion de reparos e validacion do gasto mes xullo]";"31/07/23 20:01";"RESOLUCIÓN DE REPAROS PAGOS XULLO 2023 --"; "38/2023";"Pagos";"";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0499 [Resolución Alta no Padrón Municipal de habitantes M.R.M.M.];"31/07/23 19:39";"SIA 1497631 -- Expediente 679/2023 -- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"679/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";"";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0498 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes D.M.M.M.];"31/07/23 19:39";"SIA 1497631 -- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"679/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";"";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0497 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO GASTO DERIVADO DA EXECUCIÓN DA PROGRAMACIÓN CULTURAL 2023- FESTA DO VIÑO]";"31/07/23 19:39";"APROBACIÓN FACTURAS CORRESPONDENTES AS ACTUACIONES INCLUIDAS NO PROGRAMA CULTURAL VERAN 2023-FESTA DOS VIÑOS. PLAN CONCLELOS 2023 LIÑA 2";"64/2023";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0496 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA APROBACIÓN FACTURA CORRESPONDENTE AO EXECUCIÓN DE ACTIVIDADE INCLUÍDA NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO]";"31/07/23 19:39";"Aprobación de factura con cargo ao Pacto de Estado de Violencia de Género a los Ayuntamientos 2022 --";"711/2022";"Concesión de Subvencións";"";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0495 [APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E PLAN DE TRABAJO ESPECIFICO PARA OPERACIONES CON AMIANTO DA OBRA MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DO PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO]";"31/07/23 11:53";"APROBACIÓN DE PLAN DE SEGURIDA DE E SAÚDE E PLAN DE TRABAJO ESPECIFICO PARA OPERACIONES CON AMIANTO NA OBRA DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXETICA E ACONDICIONAMENTO DO PAVILLÓN DE MEAÑO."; "284/2023";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0494 [RESOLUCIÓN DA ALCALDIA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 19 DE XUÑO DE 2023 DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XENTUDE]";"31/07/23 10:30";"SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA VEHICULO ADAPTADO PARA TRASLADO DE PERSOAS CON MOVILIDADE REDUCIDA."; "672/2023";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0493 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes I.S.N.];"31/07/23 9:33";"SIA 1497631 --Alta padrón municipal de habitantes --";"587/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";"";"";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0492 [Resolución cambio de domicilio dentro do municipio A.L.P e N.F.L.];"31/07/23 9:33";"SIA 2939319 -- Cambio de domicilio dentro do municipio --";"450/2023";"Padrón Municipal de Habitantes";"";"";"subscricións completa"





Concello de Meaño

Quedan dado conta da relación de resolucións adoptadas pola Alcaldía no período no período comprendido entre o día 31-07-2023, n.º 2023-0492 e o día 28-09-2023, n.º 2023-0612.

Asuntos non comprendidos no Orde do día. Mocións

Ramatado o exame dos asuntos incluídos no orde do día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, preséntanse as seguintes MOCIÓNS:

*** MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE MEAÑO. RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS FORMULADO POLA SECRETARIA-INTERVENTORA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, POR SUBSTITUCIÓN, DUN/DUNHA MESTRE E DUN/DUNHA TÉCNICA DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA A ESCOLA INFANTIL DE 0-3 ANOS, PARA CUBRIR BAIXAS POR IT.**

O Sr. alcalde, como voceiro do Grupo Municipal VEDM, manifesta que desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia a seguinte moción, da que pasa a dar lectura:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE MEAÑO

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS FORMULADO POLA SECRETARIA-INTERVENTORA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, POR SUBSTITUCIÓN, DUN/DUNHA MESTRE E DUN/DUNHA TÉCNICA DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA A ESCOLA INFANTIL DE 0-3 ANOS, PARA CUBRIR BAIXAS POR IT.

EXPEDIENTE: 810/2023

Con data 26 de setembro de 2023, a concelleira de Cultura, Educación e a mestra-coordinadora da Escola Infantil 0-3 anos emiten un informe conxunto sobre a necesidade da contratación laboral temporal dun/ha mestre/a e dun/unha técnica de educación infantil para a Escola Infantil 0-3 anos, para substituír temporalmente unha mestra e unha técnica de educación infantil da Escola Infantil de 0-3 anos en situación de IT, no que se sinala:

“O Concello de Meaño conta no seu Cadro de Persoal con 4 Mestras e 2 Técnicas en Educación Infantil:

- *Mestras Educación Infantil:*
 - *Maria Ribadomar Blanco*
 - *Elva Martinez Camiña*
 - *Maria Elena Garcia González*
 - *Andrea Reboiras Barreiro*
- *Técnicas Educación Infantil*
 - *Elena Garcia Muñiz*





Concello de Meaño

- *Andrea Vallejo Besada*

A día de hoxe varias destas profesionais atópanse en situación de baixa por incapacidade temporal o que conleva que o servizo da Escola Infantil do Concello de Meaño se atope nunha situación desbordada e excepcional, así:

- **D^a Elena García Muñiz**, Técnica de Educación Infantil, persoal laboral fixo, da Escola Infantil Municipal de Meaño, atópase de baixa por incapacidade temporal dende o pasado 14 de febreiro de 2023.
 - Con data 2 de maio de 2023 contratouse a **Leticia Dieste Rey** para cubrir a esta traballadora.
 - **Con data 12 de setembro de 2023, Leticia Dieste comunica baixa por incapacidade temporal, situación na que continúa na actualidade.**
- **D^a Andrea Vallejo Besada**, Técnica de Educación Infantil, persoal laboral fixo da Escola Infantil Municipal de Meaño, causou baixa por incapacidade temporal con data 24 de abril de 2023.
 - Con data 10 de maio de 2023, contratouse a **Noelia Corbacho Nieto** para cubrir a esta traballadora.
 - **Con data 7 de xuño de 2023, Noelia Corbacho presenta parte de baixa por incapacidade temporal, situación na que continúa na actualidade.**
- **D^a M^a Elena García González**, Mestra de Educación Infantil, persoal laboral fixo, da Escola Infantil Municipal de Meaño, causou **baixa por incapacidade temporal con data 11 de setembro de 2023**, situación na que continúa a día de hoxe.
- **D^a Elva Martínez Camiña**, Mestra de Educación Infantil, persoal laboral fixo da Escola Infantil Municipal de Meaño causou **baixa por incapacidade temporal con data 25 de setembro de 2023**, situación na que continúa a día de hoxe.

Dado que na Escola Infantil municipal de Meaño están matriculados un total de 50 nenos e nenas, distribuídos nas 4 unidades coas que conta o centro e que o horario de apertura do centro é de 08:00 da mañá a 20:00 horas da tarde, o persoal que atende o centro está distribuído de forma que teñen o seu horario ocupado en atender ás súas respectivas aulas e ao seu alumnado, polo que resulta imposible que asuman o incremento derivado das baixas citadas.

Ao abeiro do artigo 27 do DECRETO 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, se establece que a proporción adulto/neno/a será como máximo :

Unidades para os nenos/as de 1ano:1/8

Unidades para nenos/as de 1 a 2 anos: 1/13

Unidades para nenos/as 2 a 3 anos: 1/20

Unidades para nenos/as de 0 a 3 anos: 1/15

Si ben na Escola Infantil de Meaño non se esgota dita ratio adulto/neno en todas as unidades é imposible reorganizar o servizo para asumir temporalmente parte do traballo das Mestras e Técnicos que actualmente están de baixa por incapacidade temporal.



Concello de Meaño

D^a Elena García Muñiz é Técnica de Educación Infantil, servindo de apoio nas aulas e no servizo fiambreira. A persoa contratada para substituíla, D^a Leticia Dieste Rey, realiza as mesmas funcións, si ben a mesma está de baixa a día de hoxe.

Dona Andrea Vallejo Besada é Técnica de Educación infantil, realizando tarefas de apoio nas aulas en horario de mañá e de tarde. A persoa contratada para substituíla, D^a Noelia Corbacho Nieto, realiza as mesmas funcións, si ben a mesma está de baixa a día de hoxe.

D^a M^a Elena García González, Mestra de Educación Infantil, é a titora da aula de 1-2 anos.

D^a Elva Martínez Camiña, Mestra de Educación Infantil, é titora da aula de 0-3 anos.

Polo anteriormente exposto, e á vista desta situación anómala e excepcional na que seis traballadoras da Escola Infantil do concello de Meaño están en situación de baixa por incapacidade temporal (2 Técnicas de Educación Infantil, así como as súas substitutas e 2 Mestras), infórmase da necesidade urxente e inaprazable de contratación de persoal, dando prioridade a contratación dun/ha Mestre/a educación infantil, a fin de manter a calidade do servizo educativo, respetando o ratio educador/neno e a atención ao servizo de friameira da Escola Infantil 0-3 anos municipal de Meaño.”

A vista do mesmo, a Alcaldía, mediante providencia de data 27-09-2023, dispón:

- *Que polos servizos municipais se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para a contratación de 1 Mestre/a Educación Infantil para a substitución de dona M^a Elva Martínez Camiña, ate a finalización da baixa por incapacidade temporal da mesma, e a contratación de 1 Técnico/a de Educación infantil para a substitución durante o período de incapacidade temporal das traballadoras que están substituíndo a Elena García Muñiz e Andrea Vallejo Besada, según proceda; acudindo ás bolsas existentes para cada categoría de ser o caso. Ante a ausencia de candidatos/as nalguna das bolsas en vigor, dada a urxencia destas contratacións, se proceda, de forma excepcional, a formular oferta a través do Servizo Público de Emprego, con arreglo as “Bases que regularán a selección dun/ha traballador/a coa categoría de Técnico/a escola infantil do concello de Meaño para a súa contratación laboral temporal” aprobadas mediante Resolución 2023-0132 de 03-03-2023.*
- *Que pola Secretaria-interventora se emita informe sobre a disposición de crédito para o financiamento destas contratación para o exercicio 2023.*

Con data 28 de setembro de 2023, a técnica de xestión administrativa e a secretaria-interventora emiten os correspondentes informes; formulando por parte da secretaria-interventora **REPARO SUSPENSIVO POR INEXISTENCIA DE CRÉDITO**, en base a que:

“a) Segundo determina o artigo 31.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, a verificación da suficiencia do saldo de crédito efectuarase, en todo caso, ao nivel a que seté establecida a vinculación xurídica a que esté establecida a vinculación xurídica do





Concello de Meaño

crédito.

b) O Orzamento vixente resulta ser o correspondente ao exercicio económico 2022.

c) Os gastos ao que responden os créditos do Capítulo I do devandito Orzamento víronse afectadas polos seguintes acordos e cambios normativos:

- Entrada en vigor do Organigrama e Relación de Postos de Traballo do Concello de Meaño, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 29 de xullo de 2022.

- Artigo 23 do Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do <<Plan+seguridade para tu enerxía (+SE)>>, así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola sequía, preve un incremento adicional ao disposto nos capítulos I e II do título III da Ley 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, con efectos de 1 de xaneiro de 2022, as retribucións do persoal ao servizo do sector público do 1,5 por cento respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2021.

- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, que sinala no punto Dous do artigo 19 que, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderá experimentar un incremento global superior ao 2,5 por cento respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2022, en termos de homoxeneidade para os períodos de comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

- Real Decreto 99/2023, do 14 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2023, con efectos de 1 de xaneiro de 2023.

-Orde HFP/792/2023, de 12 de xullo, pola que se revisa a cuantía das dietas e asignacións para gastos de locomoción no imposto sobre a Renta das Persoas Físicas.

- Orden HFP/793/2023, de 12 de xullo, pola que se revisa o importe da indemnización polo uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnización por razón do servizo.

E en particular as aplicación que afectan á escola infantil, tamén polo custe da contratación laboral temporal por substitución de persoal en situación de IT.

Polo que, comprobado o saldo dispoñible na vinculación xurídica:

- Nivel de de Área de gasto: 2

- Nivel de Capítulo:1

O crédito dispoñible non resulta suficiente para afrontar a cotización empresarial á Seguridade Social e os custos das retribucións do persoal incluído na bolsa de vinculación sinalada ata o 31 de decembro de 2023, polo que non existe consignación para dar cobertura as contratacións propostas.

Segundo determina o artigo 216.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo





Concello de Meaño

que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, suspenderase a tramitación do expediente si o reparo afecta á disposición de gasto ata que aquél sexa solventado, entre outros, cando se base na insuficiencia de crédito; engadindo o punto 2 do artigo 217 do devandito texto legal, que lle corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos se basen na insuficiencia de crédito.”

A vista do que antecede, en aras ao interés xeral e para a continuidade do servizo da Escola Infantil no horario establecido e o cumprimento da ratio esixido de nenos/nas-coidadoras, co ánimo de seguir prestando un servizo básico e eslavón fundamental de conciliación da vida familiar e laboral e da formación no proceso evolutivo dos/as nenos/as, o alcalde-presidente desta Corporación e voceiro do Grupo Municipal Veciños de Meaño, someta ao Pleno da Corporación a presente moción para a súa consideración segundo se sinala no artigo 97 en concordancia co artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a vez que se propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Levantar o reparo suspensivo, por inexistencia de crédito, formulado pola secretaria-interventora ao expediente de contratación laboral temporal, por substitución, dun/dunha mestre/a e dun/dunha técnico/a de educación infantil, para a Escola Infantil Municipal de 0-3 anos, para cubrir baixas de IT.

2º.- Que continúe a tramitación do expediente de contratación laboral temporal, por substitución, dun/dunha mestre/a e dun/dunha técnico/a de educación infantil, para a Escola Infantil Municipal de 0-3 anos, para cubrir baixas de IT; imputando o custo das devanditas contratacións ás aplicacións orzamentarias 2315.13100 e 211.16000, tendo en conta que o custo destas contratacións laborais por un período estimado de tres meses do exercicio 2023, ascende a un total de 11.778,31 € en concepto de retribucións e 3.774,93 € como cota patronal á seguridade social:

Aplicación orzamentaria	Concepto	Importe
2315.13100	Retribucións	11.778,31 €
211.16000	Cotas S.S.	3.774,93 €

O alcalde e voceiro do Grupo Municipal Veciños de Meaño”

Consultada a secretaria-interventora sobre a tramitación da devandita moción, sinala que, presentada a moción deberá xustificarse polo voceiro a urxencia e o Pleno votará sobre a procedencia do seu debate, para o que se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal dos membros da corporación.

Sometida a urxencia e a procedencia do debate da devandita moción a votación ordinaria, o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros, ratifica a inclusión deste asunto no orde do día.





Concello de Meaño

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con catro abstencións (da concelleira electa polo BNG e a/os concelleira/os do Grupo municipal MI), un voto en contra (do concelleiro electo polo PP) e oito votos a favor (dos concelleiros/as do Grupo Municipal VEDM), acorda:

1º.- Levantar o reparo suspensivo, por inexistencia de crédito, formulado pola secretaria-interventora ao expediente de contratación laboral temporal, por substitución, dun/dunha mestre/a e dun/dunha técnico/a de educación infantil, para a Escola Infantil Municipal de 0-3 anos, para cubrir baixas de IT.

2º.- Que continúe a tramitación do expediente de contratación laboral temporal, por substitución, dun/dunha mestre/a e dun/dunha técnico/a de educación infantil, para a Escola Infantil Municipal de 0-3 anos, para cubrir baixas de IT; imputando o custo das devanditas contratacións ás aplicacións orzamentarias 2315.13100 e 211.16000, tendo en conta que o custo destas contratacións laborais por un período estimado de tres meses do exercicio 2023, ascende a un total de 11.778,31 € en concepto de retribucións e 3.774,93 € como cota patronal á seguridade social:

Aplicación orzamentaria	Concepto	Importe
2315.13100	Retribucións	11.778,31 €
211.16000	Cotas S.S.	3.774,93 €

*** MOCIÓN DA CONCELLEIRA ELECTA DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA SOLUCIONAR A SITUACIÓN DE PRECARIIDADE NO COMEDOR ESCOLAR DO CEIP COIRÓN-DENA E NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.**

A concelleira electa polo BNG, a Sra. Domínguez Rey, manifesta que desexa someter á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción da que pasa a dar lectura:

“MOCIÓN

PARA SOLUCIONAR A SITUACIÓN DE PRECARIIDADE NO COMEDOR ESCOLAR DO CEIP COIRÓN-DENA E NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

Rosana Domínguez Rey, concelleira do Grupo Mixto polo Bloque Nacionalista Galego (BNG) no concello de Meaño, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Debido a que o Goberno Municipal decide non cubrir o persoal do concello que se atopa de baixa, actualmente estanse dando dúas problemáticas:





Concello de Meaño

A primeira está relacionada coa non substitución dunha das empregadas municipais que atende o comedor escolar do CEIP Coirón-Dena, no cal a ANPA tivo que colaborar durante as primeiras semanas do curso para dar cobertura ao servizo, algo que non están dispostos a seguir facendo, e que o BNG rexeita por ser unha práctica fóra da legalidade. Esta problemática sitúanos meses atrás, cando a Corporación Municipal, a causa das protestas de nais e pais, decidiu continuar coa xestión do comedor, polo que agora o Goberno Local debe afrontar o compromiso que asumiu.

A segunda está relacionada coa Escola Infantil Municipal, na cal o Goberno Local tampouco substitúe ás mestras que están de baixa e decide pechar o servizo de tarde, deixando a moitas familias sen este servizo fundamental para a conciliación familiar e laboral. Ademais as familias foron avisadas de que este servizo pechaba sen ningunha antelación, facendo a conciliación completamente imposible. Cómpre salientar que as familias afectadas presentaron por rexistro diferentes queixas á Alcaldía e que están totalmente en desacordo con esta decisión.

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno Local para que tome as medidas oportunas e cubra as baixas do persoal laboral que atende o comedor escolar do CEIP Coirón-Dena e da Escola Infantil Municipal, coa finalidade de que as persoas usuarias continúen tendo estes servizos básicos que son imprescindibles para a conciliación familiar e laboral.

Despois da súa presentación e debate, o Sr. alcalde considera que non debe ser considerada con carácter de moción senón de rogo.

C) Rogos e preguntas

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

* A concelleira electa polo BNG, anuncia as seguintes preguntas por escrito:

1. Por que motivo quedaron fóra veciños e veciñas para asistir á Festa dos Muíños?

- Houbo prazas reservadas para as persoas empadroadas no concello?

- Cal foi o motivo da mala organización o día da Festa?

2. Co inicio do curso escolar a figura dun Policía Local permanente volve ser imprescindible, ten previsto poñer fin a esta situación?

3. Por que motivo se iniciaron as obras da baixa á igrexa en Padrenda en plena vendima, sendo esta unha vía principal de baixada ás viñas e por tanto de circulación dos tractores?

4. Considera que a plataforma única colocada tras as obras de humanización na zona do Colexio de Dena garante a seguridade dos peóns?

- Co material que se fixo a nova plataforma, considera que a circulación dos vehículos é segura en días de choiva?

5. Cal é o motivo polo cal a actividade da Escola de Música vai comezar a terceira semana de



Concello de Meaño

outubro en vez da primeira, como se fixo sempre?

- É consciente de que isto lle ocasiona un prexuízo tanto ao alumnado e ás familias, xa que demais actividades extraescolares xa comezaron, coma aos mestres/as, que vén atrasado 15 días o inicio do seu contrato laboral?

6. Pode explicar o accidente que sufriu un operario do concello este verán mentres realizaba traballos aéreos nas obras de mantemento do colexio de Dena e que lle ocasionou a baixa laboral por ter fracturado o fémur e lesións nalgunhas vértebras? - Que empresa ou traballador/ra desenvolve a actividade de Prevención de Riscos Laborais do concello? - Que equipo de seguridade para desenvolver traballos aéreos estaba empregando o operario? Considera que estas medidas son suficientes? - Podería poñer á disposición do BNG o informe de investigación do accidente laboral? - Despois deste accidente, que medidas pasarán a recollese no Plan de Acción para a prevención de futuros accidentes coma este?

7. Por que motivo non se atenderon as reclamacións solicitadas por rexistro do veciño de Xil, afectado pola ampliación do vial O Barreiro-Pedreira-Picón durante a realización das obras?

- Cal é o motivo polo que a día de hoxe, unha vez que as obras xa están finalizadas, este veciño ten o alambrado sen colocar, e por tanto, aínda ten as cepas tocando o chan?

- Debido a esta mala xestión e á falta de interese amosado por parte do Goberno Local, o veciño viuse obrigado a presentar o pasado 5 de setembro un informe pericial por rexistro, no que solicita unha indemnización polos danos e prexuízos causados. A Alcaldía deu xa resposta a este veciño? - É consciente dos perxuízos causados?

* A voceira do Grupo Municipal MI, anuncia as seguintes preguntas por escrito:

1. EN QUE ESTADO ESTÁ A OBRA DE AMPLIACIÓN E PAVIMENTACIÓN DO VIAL PEDREIRA-BARREIRO-PICÓN FASE 2? CAL FOI A CAUSA DO RETRASO DO REMATE DA OBRA

2. EN QUE SITUACIÓN ESTÁ A NAVE DA ÁREA INDUSTRIAL DA QUE FORA REQUERIDA A SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE? 3. CANDO VAI A SOLUCIONAR OS PROBLEMAS DE PERSOAL DO COMEDOR ESCOLAR CEIP COIRÓN DENA E DA ESCOLA INFANTIL? CANDO VAI VOLVER A ABRIR EN HORARIO COMPLETO A ESCOLA INFANTIL?

4. CANTAS BOLSAS DE EMPREGO HAI VIXENTES NA ACTUALIDADE? PARA QUÉ POSTOS SON? ONDE SE PUBLICITOU A BOLSA DE EMPREGO PARA OPERARIO OFERTADA ESTE VERÁN? PODE UN CONCELLO COS ORZAMENTOS SEN APROBAR E PRORROGADOS OS DO ANO ANTERIOR CONVOCAR NOVAS BOLSAS DE EMPREGO?

5. OFRECEUSE ALGUNHA ALTERNATIVA DE CONCILIACIÓN E ATENCIÓN ÓS USUARIOS DO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE MENTRES ESTIVO PECHADO NO VERÁN?

6. HOUBO AUTORIZACIÓN PARA ACOLOCACIÓN DA GRÚA NO RECINTO DO CEIP AS COVAS?

6. QUEN FOI O RESPONSABLE DA COLOCACIÓN RECENTE DUN POSTE DE





Concello de Meaño

FORMIGÓN NO ENTORNO DO CRUCE BAIXANDO DENDE A RÚA DA IGREXA HACIA ABUÍN NA MARXE ESQUERDA?

7. CAL É O HORARIO DE ATENCIÓN Á CIDADANÍA DA CONCELLEIRA DE CULTURA CON MEDIA DEDICACIÓN?

8. CAL FOI A RECADACIÓN DA CANTINA DA PISCINA DESTE VERÁN?

O Sr. alcalde-presidente cédelle a palabra aos membros da Corporación, por orde ascendente de representación dos grupos municipais, para que formulen os seus rogos e preguntas; pasandoas a formular e o Sr. alcalde e a Sra. concelleira de cultura, educación, infancia, xuventude, deporte, ocupación do tempo libre, turismo e comercio a repostalas, no seu caso.

E non sendo outro o obxecto desta sesión, ás 23 horas dáse por rematada, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente.

Así mesmo, CERTIFICO:

Que de conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión de data 29 de decembro de 2019, e co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase como anexo a videoacta resultante da gravación desta sesión, garantíndose a súa autenticidade coa seguinte sinatura dixital:

Formato: VIDEO (WMV)

Nombre archivo: {A2BCFEAE-31A3-4DB5-B51C-E7863B8A841A}.wmv

SHA512(Firma) :

8e31353c64ced4028abc0769a5bae97522eac0c30d4afaec9f7b16feb002e8596b137e4d483dfc86d2e398fc5700870a93f3f9829f15f963ce90f801345c5bcb

